

- 1.- Explica, coas túas palabras, que é un átomo.
- 2.- Que utilidades cres que pode ter a táboa periódica?
- 3.- Estes son algúns compostos químicos que acostumamos a ter na nosa casa, coa axuda da táboa periódica e Internet, indica de que átomos está formado e a súa utilidade:
Amoníaco – NH_3 Bicarbonato – NaHCO_3 Lixivia – NaClO Ácido acético – CH_3COOH
- 4.- Razoa. Pode existir algún material ou composto que non teña masa e/ou volume?
- 5.- Fai un esquema sinxelo coas propiedades da materia.
- 6.- Explica, mediante un debuxo, como medirías o volume dunha pedra pequena.
- 7.- Se unha determinada substancia ten un volume moi grande e unha masa moi pequena, como é a súa densidade? Explica a resposta.
- 8.- Fíxate na definición dun centímetro cúbico e define tie que é un decímetro cúbico e pon un exemplo de algo que normalmente temos na neveira e que ten o tamaño dun decímetro cúbico.
- 9.- Se temos unha substancia de densidade $3,5 \text{ g/cm}^3$, cantos kg pesará un decímetro cúbico de esa substancia? Ten en conta que $1 \text{ dm}^3 = 1000 \text{ cm}^3$.
- 10.- Explica, coas túas palabras, como podemos saber se unha peza, supostamente de ouro, é ouro puro.
- 11.- A que se debe que o aceite “flote” sobre a auga?
- 12.- Investiga en Internet cal é o material con maior dureza e que utilidades ten.
- 13.- Que son as temperaturas de fusión e ebulición?
- 14.- Cales son as diferenzas entre substancias puras e mesturas?
- 15.- Fai un esquema co tipo de substancias e pon un exemplo de cada tipo.
- 16.- Explica as diferenzas entres a evaporación e destilación.
- 17.- Explica, mediante exemplos, os procesos de sublimación, fusión e condensación.
- 18.- Que debe de pasar para que unha substancia cambie de sólido a líquido? E de líquido a sólido? Pon un exemplo da cada proceso.
- 19.- En que consiste a dilatación? A que se debe que a dilatación sexa un proceso reversible?
- 20.- Define combustible e oxidación.
- 21.- Que beneficios nos aporta aos humanos os procesos de fermentación?
- 22.- Fai un esquema sobre os cambios na materia.
- 23.- Define: maleable, denso, illante e aliaxe.
- 24.- Que é un polímero?
- 25.- Fai un esquema da clasificación dos materiais.